

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE MARZO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas do trazado actual e antigo das estradas EP-0407, EP-0207 e EP-0206.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Illa de Arousa do treito do trazado actual da estrada EP-9803 e dos treitos antigos das estradas EP-9801 e EP-9802.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense para a execución do Plan de sustentabilidade turística Ourense colle velocidade, vilas históricas e termas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan anual 2024 da cooperación galega para o desenvolvemento.

##### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do proxecto Aulas Sénior de Galicia para o exercicio 2024. Importe: cento noventa mil euros (190.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta para o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por un importe de douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000,00 €).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural á realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.l. dous e a obriga de constituír garantía por importe inferior ao establecido no artigo 67.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2024.
- Acordo polo que se toma razón das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores.
- Acordo polo que se toma razón das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade.

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o inicio da construción de vivendas de promoción pública promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o impacto nas finanzas autonómicas da prórroga dos orzamentos xerais do estado para o ano 2024.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as furgotecas de Galicia. Balance do primeiro ano de funcionamento.
- Informe sobre a evolución do programa Observa\_acción 2016-24.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación da subministración sucesiva da vacina antigripal atenuada intranasal (Fluenz Tetra) para a súa administración a persoas de 24 a 59 meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DE VARIOS TREITOS DE TRES ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO TECIDO URBANO DO MUNICIPIO**

- Transfírense á Administración local o trazado actual e antigo de distintos treitos nas estradas provinciais EP-0407, EP-0207 e EP-0206
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Ponte Caldelas terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas do trazado actual e antigo das estradas provinciais EP-0407, EP-0207 e EP-0206, integradas no tecido urbano do municipio.

Trátase, concretamente, do treito de 200 metros de lonxitude da EP-0407 que comunica Borela e Ponte Caldelas, do quilómetro 8+780 ao PQ 9+000; do treito antigo de 73 metros lineais da marxe esquerda da EP-0207, que une A Insua e Chaín, e do treito antigo de 83 metros lineais, situado na marxe dereita da EP-0206, que comunica Ponte Caldelas, Parada e Xustáns, entre o quilómetro 3+070 e o 3+140.

O Concello de Ponte Caldelas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade dos citados treitos das estradas provinciais EP-0407, EP-0207 e EP-0206.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Ponte Caldelas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Ponte Caldelas terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas provinciais EP-0407, EP-0207 e EP-0206, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

EP-0407 Borela–Ponte Caldelas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA DA AVENIDA CASTELAO E DUNS TREITOS ANTIGOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS NO BARRIO DAS ACEÑAS**

- Transfírense á entidade local o treito actual de 737 metros da EP-9803, embarcadoiro–centro; o treito antigo de 74 metros da EP-9801, que une Ponte-As Laxes; e o treito antigo de 84 metros da EP-9802, a estrada das Aceñas
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello da Illa de Arousa do treito da vía provincial EP-9803, coincidente coa avenida Castelao, e duns treitos antigos das estradas provinciais EP-9801 e EP-9802, ao seu paso polo barrio das Aceñas.

O Concello da Illa de Arousa e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

Concretamente, transfírense a prol do Concello o treito actual de 737 metros de lonxitude da vía provincial EP-9803, embarcadoiro–centro, entre os puntos quilométricos 0+430 e 1+167; o treito antigo da EP-9801 que une Ponte-As Laxes, de 74 metros de lonxitude no punto quilométrico 0; e o treito antigo de 84 metros de lonxitude no punto quilométrico 0 da EP-9802, a estrada das Aceñas.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes treitos.

As transferencias a prol do Concello da Illa de Arousa tramítanse de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello da Illa de Arousa terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



TREITO DE ESTRADA PROPOSTA PARA TRANSFERENCIA

DEPUTACIÓN  
PROVINCIA DE  
Pontevedra  
SERVICIO DE  
Obras Públicas e  
Urbanismo

**EP.9801. PONTE - A LAXES.**  
**CONCELLO DA ILA DE AROUSA**  
TREITO ANTIGO (BARRIO "AS ACERAS"), Loxr. 74m



510800.0000

511000.0000

511200.0000

511400.0000

TREITO DE ESTRADA PROPOSTA PARA TRANSFERENCIA

DEPUTACIÓN  
PROVINCIA DE  
Pontevedra  
SERVICIO DE  
Obras Públicas e  
Urbanismo

**EP.9802. ESTRADA DAS ACENAS.**  
**CONCELLO DA ILA DE AROUSA**  
TREITO ANTIGO (BARRIO "AS ACERAS"), Loxr. 84m





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ARRANCA O PLAN TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA VILAS TERMAIS E CASCOS HISTÓRICOS CO PRIMEIRO INVESTIMENTO DE 1,5 M€ NA PROVINCIA DE OURENSE

- O Consello da Xunta autorizou o convenio coa Deputación de Ourense para levar a cabo unha das oito estratexias en destino deste plan financiado con Next Generation
- Esta primeira medida ten un ámbito de actuación en toda a provincia, con especial incidencia en 17 vilas termais e conxuntos declarados histórico-artísticos
- Entre outras accións, inclúese a adecuación de sendeiros termais, melloras de sendas peonís ou sinalización intelixente e accesible en cascos históricos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración coa Deputación de Ourense por 1,5 M€, que supón o comezo da execución da primeira das medidas do Plan territorial de sustentabilidade turística en vilas termais e cascos históricos que a Xunta de Galicia aprobou o ano pasado para desenvolver desde este ano 2024 cun investimento global de 23 M€ con fondos Next Generation. Este plan territorial galego engloba oito estratexias en medio cento de concellos -como a aprobada hoxe- así como outras medidas para o impulso do termalismo e cascos históricos, como liñas de axuda, entre outras accións.

O convenio aprobado hoxe permitirá, en concreto, poñer en marcha o Plan de sustentabilidade turística en destino *Ourense colle velocidade, vilas históricas e termais* que terá un ámbito de actuación na provincia de Ourense, con especial incidencia en 17 concellos: os da rede de vilas termais formada por Arnoia, Boborás, Cenlle, Castrelo de Miño, Cortegada, Leiro, O Carballiño, Ribadavia, Bande, Punxín, Lobios, Muíños, Baños de Molgas, Monterrei e Verín. Tamén nos conxuntos declarados histórico-artísticos de Castro Caldelas, Ribadavia, Allariz e Pazos de Arenteiro, en Boborás.

Entre as accións inicialmente inseridas no plan que levará a cabo a Deputación de Ourense, inclúese, entre outras, adecuación de sendeiros termais, melloras de sendas peonís, plan de sinalización intelixente e accesible en cascos históricos ou un plan para mellora de equipamentos públicos para usos turísticos.

Esta é a primeira medida do Plan territorial de sustentabilidade turística de vilas termais e cascos históricos deseñado por Turismo de Galicia con fondos europeos Next Generation para impulsar de xeito especial o turismo termal e histórico-cultural sustentable durante este 2024 e ata 2026. Inclúe a posta en marcha de oito plans de sustentabilidade en destino e que, no seu conxunto, beneficiarán ao redor de medio cento de concellos.

Así, ademais deste plan coa Deputación de Ourense, tamén se inclúen os plans que se irán autorizando proximamente como o do centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra; o plan Mar de Santiago; e os do centro histórico de Betanzos, da vila de Bouzas (en Vigo), o de Tui, Allariz destino sostible e Ribeira Sacra. O plan

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorial inclúe, ademais, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e aos concellos a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

Este Plan de vilas termais e cascos históricos é o terceiro que a Xunta de Galicia pon en marcha cos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo, tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de Enogastronomía (2023-2025).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA NESTE ANO 9 M€ AOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO

- O Consello aprobou o Plan anual 2024 da cooperación galega para o desenvolvemento, enmarcado no V Plan director da cooperación galega 2023-2026
- O documento prevé novas convocatorias de iniciativas, principalmente destinadas a ONGD, así como darlle continuidade aos compromisos adquiridos o pasado ano
- A axuda humanitaria, a formación, a sensibilización, a investigación e o apoio técnico centran as diversas liñas de actuación

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se aproba o Plan anual 2024 da cooperación galega para o desenvolvemento, dotado con nove millóns de euros e que foi informado favorablemente polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na xuntanza do pasado día 12. A través deste instrumento, o Goberno galego establece a programación operativa da cooperación galega en función das prioridades xeográficas e sectoriais e dos resultados previstos no V Plan director da cooperación galega 2023-2026.

Así, prevense novas convocatorias de iniciativas que son xa sinais de identidade da cooperación galega, principalmente destinadas a ONGD. Trátase das subvencións bianuais para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación, cunha dotación para 2024 de 2,1 millóns de euros, e as plurianuais para proxectos de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, con 240.000 euros para este ano. Tamén se activarán as liñas de axudas para proxectos de acción humanitaria, cun orzamento de 550.000 euros, e para microproxectos de cooperación no exterior, con 90.000 euros.

Ademais, publicarase unha nova oferta de seis bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, de carácter plurianual e á cal se destinan 73.400 euros neste exercicio, e manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia que garanta a resposta da Xunta ante un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria. Neste marco de acción, asinaranse convenios con Farmamundi, coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e coas Axencias das Nacións Unidas que suman 300.000 euros, e prevese recibir fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para financiar proxectos de acción humanitaria.

Tamén se prevén convenios no ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, con Solidariedade Internacional de Galicia e coas tres universidades galegas. A contía prevista en 2024 para todos estes acordos ascende a 230.000 euros.

Por outra banda, apoiarase un ano máis o fortalecemento de capacidades técnicas na xestión dos recursos hídricos en Mozambique, a través dun acordo con Augas de Galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, con case 332.600 euros, e seguirase realizando cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura coa Fundación CETMAR e Augas de Galicia.

### **Compromisos de 2023**

A maiores destas novas accións, daráselle cobertura aos compromisos adquiridos en 2023, como os 32 proxectos no exterior dos axentes de cooperación, 16 proxectos de Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, sete de investigación para o desenvolvemento e seis bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional. A eles engádenselles os convenios con distintas entidades para a mellora de recursos hídricos e da seguridade alimentaria en Mozambique, para a acollida temporal de mulleres defensoras de dereitos humanos, para actuacións de acción humanitaria, e para o desenvolvemento do proxecto Activistas polo mundo que queremos, enmarcado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A través das medidas incluídas no Plan anual 2024 da cooperación galega para o desenvolvemento o Goberno galego avanza nos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais ou loitar contra o cambio climático, tal e como establece V Plan director da cooperación galega 2023-2026, que tamén aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os seus ODS.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ASINARÁ UN NOVO CONVENIO CON ATEGAL PARA DAR CONTINUIDADE ÁS ACTIVIDADES DAS AULAS SÉNIOR**

- Achéganse 190.000 euros para que persoas maiores de toda a Comunidade poidan participar nas propostas de formación e ocio que organiza a entidade
- Este acordo enmárcase na aposta do Goberno galego por impulsar programas e iniciativas que favorezan un envellecemento activo e saudable

O Consello da Xunta de hoxe autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) para dar continuidade á actividade das Aulas Sénior ao longo deste 2024. A achega do Executivo autonómico a este acordo é de novo de 190.000 euros, mantendo así o incremento do 25 % que se aplicou por primeira vez hai dous anos.

A través deste convenio, o Goberno galego consolida a oferta de actividades de Ategal para que persoas maiores de toda a Comunidade poidan participar nas actividades que organiza esta entidade en catro áreas diferentes. Na cultural inclúense cursos de idiomas, de Historia de Galicia, de literatura ou de cine; na ocupacional desenvólvense obradoiros de pintura, de música, de teatro, de informática ou de manexo de teléfonos móbiles e tabletas; na de saúde ofrécese clases de ioga, de pilates, obradoiros de memoria ou de benestar emocional e na área de lecer, con viaxes e visitas culturais a museos e exposicións ou participación en encontros ou congresos.

Esta liña de colaboración con Ategal forma parte dos programas e iniciativas que impulsa a Xunta para promocionar un envellecemento activo e saudable. Entre estas destacan os convenios coas universidades galegas, para que as persoas maiores se sigan formando e especializando naquelas disciplinas que desexan; os programas de voluntariado interxeracional, que fomentan encontros entre maiores e xente moza para ter ocasión de aprender uns dos outros e intercambiar experiencias; ou iniciativas de ocio activo, como son os programas Xuntos polo Nadal e Benestar en Balnearios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA SEGUIRÁ A COLABORAR CON SOLIDARIDAD AMARANTA NO MANTEMENTO DA CASA DE ACOLLIDA DE OURENSE, QUE EN 2023 ACUBILLOU 24 MULLERES E 19 MENORES**

- O Consello autorizou un novo convenio por valor de 252.000 euros para o mantemento deste recurso destinado a vítimas da violencia de xénero
- Este importe sumarase aos 50.000 euros extra dos fondos MRR que a Administración autonómica destinará ao centro de Ourense para obras de rehabilitación e mellora e/ou para financiar a adquisición de vehículos para o traslado das usuarias
- Galicia conta con 3 casas de acollida, 3 vivendas tuteladas e un centro de emerxencia que ofrecen 84 prazas temporais de acollida ás mulleres e ás súas fillas e fillos e que están situadas na Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada
- En 2024 multiplicaranse os apoios a estes centros ao pasar dos 700.000 euros anuais aos máis de 4 M€ para dar cobertura aos gastos de funcionamento, de eficiencia enerxética ou a accesibilidade, ademais de abrir un centro para vítimas con adiccións

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta para o mantemento da casa de acollida de Ourense para mulleres vítimas da violencia de xénero, no que residiron o pasado 2023 un total de 43 persoas: 24 mulleres e 19 menores.

A Administración autonómica revalidará esta colaboración á que destina un ano máis (e así desde 2019) un total de 252.000 euros con cargo ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Grazas a ese investimento garántese o mantemento da casa de acollida, a única en Ourense, para mulleres que sofren violencia de xénero e as súas fillas e fillos, ofrecéndolles un espazo de protección e de recuperación.

Esta contía destinarase aos gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2024 derivados do funcionamento e mantemento do centro, e poderanse imputar custos de persoal, de asistencia social, psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

Pero non será esta a única contía que recibirá a casa de acollida de Amaranta, que este ano verá reforzados os apoios con outros 50.000 euros procedentes de fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), cos que poderá acometer obras de reforma, rehabilitación, de mellora da eficiencia enerxética e da accesibilidade, así como adquirir algún vehículo para o traslado das usuarias.

O centro de Ourense é un dos sete recursos -casas de acollida, vivendas tuteladas e o centro de emerxencia (o CEMVI de Vigo)- que forman parte da Rede galega de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acollemento pola que pasaron en 2023 un total de 142 mulleres vítimas da violencia de xénero e 91 menores, cunha porcentaxe media de ocupación do 60 % ao longo do ano.

Estas vivendas garanten apoio residencial e temporal e atenden e contribúen á recuperación das mulleres vítimas de violencia de xénero e menores ao seu cargo. Brindáselles un espazo de protección coa garantía dun tratamento integral que presta atención a aspectos de carácter psicolóxico, educativo, sociolaboral e xurídico, co obxectivo de favorecer a normalización da situación persoal, da unidade familiar e, en definitiva, a superación dos efectos da violencia.

### **Nova casa no Porriño**

En 2024 a Xunta cuadruplicará os apoios á Rede de acollemento, ao dispor de máis de 4 millóns de euros para mellorar e ampliar estes recursos. Aos 700.000 euros que mobiliza anualmente a Administración autonómica para dar continuidade ao seu funcionamento, súmanse outros 3,6 millóns de euros, procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

A Xunta abrirá con estes fondos europeos un oitavo recurso de atención ás vítimas, neste caso especializado en mulleres con adicción ao alcohol e/ou outras substancias, no que investirá un millón de euros. O centro estará situado no Porriño, será de xestión municipal e sumarase aos situados nas localidades da Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada, nos que se ofrecen un total de 84 prazas.

Entre outras novidades, poranse estes recursos ao dispor das usuarias dos futuros centros 24 horas de atención ás vítimas de violencia sexual que precisen protección urxente ou de longa estancia.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE 4 M€ NO MARCO DA SÚA APOSTA POLAS VARIEDADES AUTÓCTONAS VITIVINÍCOLAS CO FIN DE PERFECCIONAR O CULTIVO DA VIDE EN GALICIA E POTENCIAR A SÚA ORIENTACIÓN COMERCIAL

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a convocatoria anual das achegas para a reestruturación e reconversión de viñedo, que teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e avanzar na súa sustentabilidade
- Poderán ser beneficiarias destas achegas as persoas viticultoras cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente en materia de plantación
- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, que se prevé para o vindeiro 25 de marzo, polo que rematará o próximo 26 de abril
- No período 2018-2023 destináronse preto de 14 millóns de euros para 911 persoas beneficiarias no marco destas achegas, permitindo actuar nunha superficie de 1.281,46 hectáreas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a convocatoria de 2024 para as achegas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia, dotadas cun orzamento de 4.000.000 euros. Estas axudas teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e facelo ambientalmente máis sustentable.

A reconversión do viñedo é unha ferramenta estratéxica para a nosa comunidade. Estas achegas baséanse na reconversión varietal, para que aquelas explotacións con viñas antigas poidan substituílas por variedades autóctonas, máis resistentes ás condicións climáticas e que produzan viños de maior calidade e máis demandados no mercado.

Neste sentido, con estas axudas búscase perfeccionar o cultivo da vide en Galicia para reducir custos e orientarse mellor aos diferentes mercados, potenciando o grao de profesionalización cos conseguintes beneficios económicos para este tipo de explotacións, ao tempo que se promove a remuda xeracional.

#### **Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias destas achegas as persoas viticultoras -ou futuras- cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente en materia de plantación de viñedo. A superficie total para as solicitudes que se presenten de forma individual serán de 0,2 hectáreas e de 1 hectárea para aquelas que se presenten de xeito colectivo.

Serán subvencionables as actuacións relacionadas coa replantación con ou sen sistema de conducción, a reconversión de viñedos por cambios de variedade, a mellora de técnicas de xestión e a replantación de viñedos. Prevese a publicación desta resolución no *Diario*

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Oficial de Galicia* o vindeiro luns 25 de marzo. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, polo que rematará o próximo 26 de abril.

O sector vitivinícola é un eido fundamental para a nosa comunidade, configurándose como un dos piares da nosa economía. Tendo en conta a importancia que ten para Galicia é responsabilidade do Goberno autonómico convocar achegas destas características.

### **Case 14 millóns de euros en cinco anos**

Estas achegas convócanse anualmente dende o ano 2018. No período 2018-2023 destináronse preto de 14 millóns de euros para 911 persoas beneficiarias, que permitiron actuar nunha superficie de 1.281,46 hectáreas.

A convocatoria do 2023 resolveuse o mes pasado cun investimento total de catro millóns de euros, que permitiu dar resposta a todas as solicitudes que cumprían os requisitos e beneficiar 179 persoas. Este orzamento empregárase para reconverter 315 hectáreas de viñado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AVANZA NO FOMENTO DA CALIDADE DIFERENCIADA DA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA GALEGA CON 618.900 EN AXUDAS PARA OS CONSELLOS REGULADORES E A NOVA PARTICIPACIÓN DE AGRICULTORES**

- A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita a Consellería do Medio Rural, realiza a nova convocatoria destas dúas liñas de achegas, coas que se afonda na aposta do Goberno autonómico por impulsar as producións do agro galego amparadas por selos de calidade alimentaria
- A liña destinada aos consellos reguladores, dotada con 339.000 euros, vai dirixida a financiar actuacións relacionadas coa implantación e desenvolvemento de programas de mellora e control da calidade e da orixe dos produtos agroalimentarios galegos con algún indicativo
- As segundas achegas enfócanse en favorecer que os titulares de explotacións agrarias se incorporen aos réximes de calidade representados polas DO, as IXP ou a produción ecolóxica
- No período 2019-2024, a Xunta destinou preto de 3,4 millóns a estas axudas, no marco dunha estratexia de apoio á calidade diferenciada que tamén inclúe o plan anual de promoción -dotado este ano con 9,5 millóns- ou a propia Lei da calidade alimentaria, en vigor dende o mes de febreiro

A Xunta, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita a Consellería do Medio Rural, destinará este ano un total de 618.900 euros a dúas liñas de axudas para fomentar a calidade das producións agroalimentarias galegas. A primeira, conta cun orzamento de 339.900 euros para axudar aos programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade; mentres que a segunda, que ten un investimento de 279.000 euros, dedicarase á nova participación de agricultores en réximes de calidade.

Neste sentido, a liña destinada aos consellos reguladores (CCRR) vai dirixida a financiar actuacións relacionadas coa implantación e desenvolvemento de programas de mellora e control da calidade e da orixe dos produtos agroalimentarios galegos amparados por algunha denominación de calidade. Estas axudas contribuirán a que os CCRR poidan manter o elevado nivel de rigorosidade necesario na realización das súas tarefas de control. Trátase dun rigor clave para a reputación das nosas denominacións de orixe e indicacións xeográficas.

Poderán ser obxecto destas axudas as actuacións encamiñadas ao dito control. Tamén poderán recibir subvención os estudos, as investigacións e o desenvolvemento de programas para a mellora da calidade dos produtos obxecto de protección ou os gastos relacionados coa acreditación do consello regulador como entidade certificadora e para o seu mantemento.

Ao mesmo tempo, serán subvencionables os gastos operativos e retributivos orixinados pola participación do persoal do consello regulador no desenvolvemento e execución

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos programas de calidade, incluídas as nóminas e os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento destes traballadores.

### **Nova participación de agricultores en réximes de calidade**

Esta segunda liña vai dirixida a impulsar que os titulares de explotacións agrarias se incorporen aos diferentes réximes de calidade que representan as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas protexidas ou a produción ecolóxica. O seu obxectivo é cubrir nos primeiros anos os custos derivados desta incorporación.

Poderán ser beneficiarios os titulares de explotacións agropecuarias que se incorporasen a un determinado indicativo de calidade despois do 18 de novembro de 2015 e que cumpran a condición de agricultor activo. No caso da produción ecolóxica, tamén poderán recibir axuda aqueles que xa tiveran actividade e que incorporen agora algunha nova orientación produtiva. Serán subvencionables os custos fixos ocasionados pola inscrición nun réxime de calidade, así como a cota anual de participación

Na valoración dos expedientes, vanse primar aquelas solicitudes de agricultores que se incorporen por vez primeira ao réxime da agricultura ecolóxica ou que incorporen por primeira vez novas orientacións produtivas nese réxime de calidade. Tamén terán preferencia aqueles produtores que se incorporen por primeira vez a denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas rexistradas nos últimos anos, as persoas mozas incorporadas á actividade, os titulares de explotacións que se sitúen en zonas de montaña e as solicitudes presentadas por mulleres.

### **Publicación no *Diario Oficial de Galicia***

Prevese que estas liñas de achegas se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro martes 26 de marzo, para aquelas destinadas aos consellos reguladores, e o mércores 27 de marzo, para a correspondente ao apoio á participación de agricultores en réximes de calidade. Para a primeira, consellos reguladores, teñen un mes, contando a partir do día seguinte á publicación, para presentar as súas solicitudes. Para a segunda das liñas de axuda, as persoas interesadas poden presentar as súas solicitudes ata o 27 de maio.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria vén convocando estas axudas desde 2019. No período 2019-2024, o Goberno autonómico destinou preto de 3,4 millóns de euros a estas achegas -1,3 millóns para a participación de agricultores en réximes de calidade e 2,1 millóns para os programas de mellora e control realizados polos consellos reguladores, que tamén contan con apoio autonómico destinado especificamente ao seu funcionamento-.

Este esforzo da Xunta queda enmarcado na estratexia de apoio á calidade diferenciada, que inclúe outros fitos como o plan anual de promoción -dotado en 2024 con 9,5 millóns de euros- ou a Lei da calidade alimentaria, en vigor dende febreiro e que ten entre os seus obxectivos principais favorecer a competitividade deste tipo de produtos nos mercados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA TERÁ EN MARCHA ESTE VERÁN AS OBRAS PARA CONSTRUIR OU REHABILITAR PRETO DE 400 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA**

- Salienta que, deste xeito, se cumpre cos prazos “comprometidos” e co obxectivo de rematar esta nova Lexislatura cun parque público en Galicia de 8.000 vivendas
- Precisa que contarán cun investimento de máis de 45 M€ e estarán localizadas nas cidades da Coruña, Ferrol, Ourense, Vigo, Santiago e Pontevedra, e nos municipios lucenses de Viveiro e Mondoñedo
- Antes do 15 de maio comezarán as primeiras promocións, concretamente, un bloque de 24 VPP no barrio compostelán do Castiñeiriño e outro de 40 en Xuxán, na Coruña
- No marco da primeira fase da ampliación de San Paio de Navia, en Vigo, prevese iniciar a partir do mes de xuño a construción de 6 bloques que sumarán 201 inmobles e na cidade de Pontevedra, impulsarase un edificio cun total de 74 vivendas públicas
- A maiores, o IGVS xa está rehabilitando 2 edificios en Ferrol Vello e márcase como obxectivo iniciar este verán os traballos noutros 10 para obter un total de 20 vivendas destinadas a alugueiro social en inmobles adquiridos a través do Rexurbe

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego terá en marcha este verán as obras para a construción ou a rehabilitación de preto de 400 novas vivendas de promoción pública (VPP), concretamente 395, nas que prevé investir máis de 45 millóns de euros.

Deste xeito, Rueda puxo en valor que todas estas vivendas estarán en execución dentro dos prazos “comprometidos” para os primeiros meses desta nova Lexislatura e co obxectivo, segundo remarcou, “de rematala cun parque público en Galicia de 8.000 vivendas”, sumando as promovidas directamente pola Xunta e as que se fagan a través de cooperativas coa colaboración público-privada.

O mandatario galego en funcións precisou que estas vivendas se localizarán nos concellos de Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense, Mondoñedo e Viveiro, en liña co compromiso do Goberno galego de prestar unha atención especial ás necesidades residenciais das grandes cidades, tendo en conta que son estes municipios os que concentran entre o 75 e o 80 % dos inscritos no Rexistro de demandantes do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Ademais, salientou o “dato importante” de que as taxas urbanísticas que vai abonar a Xunta aos concellos onde se van localizar estas 400 VPP suporán ao redor de 2,7 millóns de euros, “o que traducido a número de vivenda permitiría a construción de 20 vivendas máis”.

Rueda explicou que o Consello foi informado hoxe da previsión de inicio destas actuacións, que se enmarcan na Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida aprobada o ano pasado polo Executivo galego co obxectivo de reforzar o actual parque público residencial ata acadar as 5.600 vivendas en 2026 a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través, entre outras medidas, do impulso de obras de nova construción ou da rehabilitación de inmobles xa existentes tanto por parte da Xunta como dos concellos.

### **Primeiras obras a principios do mes de maio**

Tal e como debullou o presidente da Xunta en funcións, as primeiras obras teñen o seu comezo previsto para principios do mes de maio. En concreto, trátanse dos traballos para rematar un bloque de 24 VPP no barrio compostelán do Castiñeiriño e do inicio da construción doutro de 40 VPP en Xuxán, na cidade da Coruña, que se sumará neste último caso ao edificio tamén de 40 vivendas de promoción pública rematado o ano pasado e no que xa están vivindo en réxime de alugueiro outras tantas familias.

Rueda avanzou que durante as primeiras semanas de xuño está previsto o inicio de 74 vivendas de promoción pública de nova construción en Valdecorvos, en Pontevedra, e no caso da capital galega tamén se impulsarán as obras de dous bloques no barrio de Lamas de Abade, integrados por 12 e 24 VPP, respectivamente.

En canto á planificación no caso da cidade de Vigo, a construción de 201 vivendas públicas na primeira fase da ampliación en San Paio de Navia recibirá un pulo definitivo este verán. Así, as previsións do IGVS son que entre a primeira quincena de xuño e a primeira de xullo se poidan iniciar os traballos construtivos de 5 das 6 promocións proxectadas no polígono 1, que albergarán un total de 163 vivendas.

En canto ao último bloque previsto neste barrio vigués, un edificio de 38 VPP, o inicio está programado para comezos do mes de setembro tendo en conta que, neste caso, o IGVS terá que licitar por segunda vez o contrato das obras para adaptar o orzamento inicial ás últimas subas de prezos experimentadas no sector da construción.

A maiores, Rueda apuntou que a Xunta tamén está a traballar na licitación de varias actuacións que teñen como fin empezar a rehabilitar o vindeiro mes de xuño unha decena de inmobles —3 en Ourense, 3 en Mondoñedo, 2 en Ferrol e 2 en Viveiro— adquiridos polo IGVS nos últimos anos no marco do programa Rexurbe para obter VPP destinadas a alugueiro social.

Ademais, cómpre lembrar que xa se está traballando nestes momentos en dous dos primeiros edificios que se compraron en Ferrol Vello, concretamente, en Carme Curuxeiras 22-24 e 8, e nos que se prevé conseguir 5 vivendas de promoción pública para alugalas a prezos accesibles entre a veciñanza ferrolá.

A previsión é que grazas ás actuacións do Rexurbe que xa se están acometendo e ás que se iniciarán nos vindeiros meses, este verán estean en marcha as obras que permitirán obter un total de 20 novas VPP nos concellos de Ferrol, Ourense, Mondoñedo e Viveiro.

### **Licenzas e outros trámites municipais**

Todas estas promocións do IGVS están pendentes da concesión da licenza municipal por parte do concello correspondente, salvo no caso das 24 VPP do Castiñeiriño, que xa a ten concedida. Así mesmo, en San Paio de Navia as licenzas de obra dependen tamén de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se finalice antes a reparcelación dos terreos que albergarán as futuras vivendas, un trámite que o Concello de Vigo prevé ter listo a finais de maio.

Neste sentido, cómpre reiterar unha vez máis a importancia de que as administracións locais colaboren neste tipo de actuacións, axilizando o máximo posible a resolución daqueles trámites ou permisos que dependen dos seus departamentos urbanísticos e que resultan imprescindibles para que o IGVS poida iniciar e executar os seus proxectos construtivos para o impulso da vivenda pública.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ADVIRTE DE QUE A PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS ESTATAIS CONDENA A GALICIA A RECIBIR NOVAMENTE O PEOR PRESUPOSTO DO GOBERNO CENTRAL DOS ÚLTIMOS ANOS**

- Asegura que isto terá repercusións en servizos esenciais “coma a sanidade, as infraestruturas ou o pago a provedores”
- O conselleiro de Facenda en funcións urxe ao Goberno central a actualizar canto antes as entregas a conta pois as CC.AA. están a recibir os mesmos importes que no ano 2023 e non as comunicadas polo propio Ministerio en decembro pasado
- Advirten de que a falta de presupostos xera “incertezas, falta de estabilidade e merca de recursos” as comunidades

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a prórroga de Presupostos Xerais do Estado (PXE) vai facer que Galicia “reciba de novo o peor orzamento do Estado dos últimos anos”. Unha situación que fai que a comunidade galega seguirá recibindo a metade do investimento territorializado que Cataluña.

Rueda lamentou que o Goberno central “renuncie” a intentar sacar adiante os orzamentos de 2024, logo da convocatoria de eleccións en Cataluña, e advirte que isto “ten consecuencias e ningunha beneficiosa para as comunidades”. Ademais, asegurou que amosa a diferenza entre o Goberno autonómico galego que aposta por “ter os orzamentos aprobados para logo convocar eleccións” e o estatal, onde apostan pola “ausencia de presupostos”.

Na mesma liña, o conselleiro de Facenda e Administración Pública en funcións, Miguel Corgos, asegurou que tal e como se desprende dun informe hoxe avaliado polo Consello, a falta de orzamentos no Estado “causa incertezas, falta de estabilidade e merca de recursos nas comunidades”. Algo que, segundo engadiu Rueda, pode afectar a servizos esenciais coma “a sanidade, as infraestruturas ou o pago a provedores”.

Corgos urxe ao Executivo central a actualizar canto antes as entregas a conta do sistema de financiamento autonómico pois neste momento as CC.AA. están a recibir os mesmos importes que no ano 2023 e non os comunicados polo Ministerio de Hacienda o pasado mes de decembro durante a celebración do último Consejo de Política Fiscal e Financeira (CPFF).

Esta actualización ten que realizarse tendo en conta a nova previsión de ingresos das entregas a conta e das liquidacións comunicados no último CPFF, que ao mesmo tempo debería corrixirse para incluír o impacto das medidas prorrogadas polo Goberno para loitar contra a crise de prezos.

Por iso, Corgos advertiu dun posible déficit de tesourería máis de 725 M€, o que supón un importe mensual aproximado de 60,5 M€ se o Goberno central non actualiza as entregas a conta do Sistema de Financiamento Autonómico.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Principais repercusións da prórroga**

Segundo se desprende do informe, a prórroga anunciada polo Goberno central podería afectar a áreas relacionadas coa sanidade, a dependencia, as infraestruturas, o pago a provedores ou mesmo ás retribucións do persoal empregado público, entre outras.

Ademais, tamén afectará aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública das Administracións territoriais no ano en que as regras fiscais se recuperan ao tempo que se xerará un superávit para a Administración central xa que se beneficia do incremento na recadación tributaria previsto para este ano 2024 e que non se distribúe entre as comunidades e as corporacións locais mentres non se actualizan as entregas a conta.

En canto ás retribucións dos empregados públicos, a incapacidade do Executivo central de impulsar os orzamentos xerais conxela as retribucións dos traballadores e traballadoras ao servizo do sector público e contra dos propios acordos que o Goberno asinou coas organizacións sindicais nun contexto de alta inflación.

Estes acordos fixaban para o ano 2024 un incremento retributivo fixo do 2% sobre as retribucións vixentes a decembro de 2023 que debe ser habilitado pola normativa básica do Estado para que se poida incluír nas nóminas dos empregados públicos da comunidade galega. Con esta situación, o persoal empregado público verá incrementada a súa nómina cun retraso de cinco ou seis meses.

Estes efectos negativos da prórroga dos PXE poderían estenderse ademais aos provedores do sector privado que poderían verse afectados pola falta ou retraso nos pagamentos por parte das administracións que non poden contar cos recursos de estar nunha situación de ciclo orzamentario normal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **AS BIBLIOTECAS MÓBILES DO RURAL GALEGO TERÁN UNHA TERCEIRA RUTA TRAS ATENDER A MÁIS DE 14.300 PERSOAS NO SEU PRIMEIRO ANO**

- Tras o éxito colleitado, a Xunta destinará máis de 650.000 € a esta iniciativa co fin de mellorar o servizo e poñer en marcha a terceira furgoteca
- Nos primeiros 12 meses realizáronse preto de 1.400 carnés, case 15.000 préstamos e impulsáronse un total de 335 actividades con máis de 6.600 asistentes
- A ampliación deste proxecto reflicte o compromiso do Goberno galego coa prestación de recursos bibliotecarios de calidade en todo o territorio, en liña cos obxectivos da futura Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- Prevese que a nova ruta comece a funcionar en setembro en dez novos concellos: Lobeira, Muíños, Padrenda, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus e Vereas

A furgoteca, o servizo de bibliotecas móbiles de Galicia no rural de Lugo e Ourense, ampliará a súa cobertura cunha terceira ruta logo do éxito colleitado desde o seu comezo, en marzo de 2023. Así, tras atender a máis de 14.300 persoas no seu primeiro ano de funcionamento, a Xunta de Galicia destinará máis de 650.000 € a este proxecto, co fin de reforzalo e poñer en marcha unha terceira liña.

O Goberno galego propón así consolidar e ampliar territorialmente este proxecto, amosando o seu compromiso coa calidade da oferta bibliotecaria en toda a Comunidade e para toda a cidadanía, promovendo o acceso á lectura e á cultura con independencia do lugar de residencia, en liña cos obxectivos da futura Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Para iso, prevese que de cara ao mes de setembro arranque unha nova furgoteca na provincia de Ourense, que atenderá a dez novos concellos: Lobeira, Muíños, Padrenda, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus e Vereas, que, no seu conxunto, suman 11.233 habitantes.

Neste senso, a Xunta de Galicia ten xa en marcha a licitación dotada con máis de 650.000 € para contratar os medios humanos e materiais que sexan precisos para a entrada en funcionamento desta terceira furgoteca ao tempo que se reforza a prestación e se incorporan novidades editoriais. Trátase dun investimento que vai permitir chegar ata unha trintena de concellos con 33.163 habitantes, co fin de potenciar a programación e acceso á cultura en zonas non urbanas, tal e como se fará tamén coa nova Rede Adival de dinamización cultural no rural que o Goberno galego vai activar este ano.

Esta ampliación vén motivada pola boa acollida da furgoteca no primeiro ano de ruta. Realizáronse preto de 1.400 carnés de lector, case 15.000 préstamos e un total de 335 actividades de dinamización, nas que participaron máis de 6.600 asistentes. En total, a biblioteca móbil de Galicia recibiu máis de 14.300 visitas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Servizo valorado polos usuarios**

Máis alá das cifras, a furgoteca é unha iniciativa moi valorada polos usuarios, dado que ofrece acompañamento e atención en contornas con illamento rural e un alto grao de envellecemento. Así o veñen trasladando os veciños á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ao longo destes 12 meses a través das persoas encargadas do servizo.

Desde que botou a andar, a biblioteca móbil estivo presente en 20 concellos de menos de 2.000 habitantes das provincias de Lugo e Ourense, os que suman un total de 21.930 veciños. Son: Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela na provincia de Lugo; e Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra, Trasmiras e Vilardevós na provincia de Ourense.

Estas persoas teñen acceso a todos os servizos básicos de calquera biblioteca: expedición de carnés, préstamo e devolución, recomendación de contidos e lectura e formación na consulta do catálogo único da rede de bibliotecas e en GaliciaLe, a plataforma de préstamo de libros electrónicos. Ademais, tendo en conta as características da poboación destinataria, atende especialmente á alfabetización electrónica para as persoas usuarias co obxectivo de reducir a fenda dixital.

Desde marzo de 2023, a furgoteca viaxa dúas veces ao mes a cada un dos concellos incluídos nesta iniciativa e organízase de tal xeito que un dos días se asenta nos lugares de maior afluencia de público, nos que se celebran feiras, mercados ou hai centros de saúde, residencias, pavillóns de deporte ou centros socioculturais, mentres que o segundo realiza un percorrido polas aldeas para ofrecer un servizo personalizado porta a porta.

Ademais, esta iniciativa tamén aposta pola dinamización lectora, polo que vén acompañada dunha intensa actividade cultural para dar a coñecer a iniciativa e achegala ao público destinatario mediante obradoiros, contacontos, certames, conferencias, prestación de libros e actuacións musicais, entre outras citas.

### **Colección de 3.750 exemplares**

Así, para poder cumprir cos obxectivos, as furgotecas están compostas por unha colección que consta de preto de 3.750 exemplares entre libros, publicacións periódicas, audiovisuais e xogos. Trátase dunha colección que partiu de 500 títulos para cada unha das liñas e que se foi ampliando progresivamente incorporando novidades e atendendo as peticións dos usuarios. Cabe salientar que tamén se atopan dispoñibles as coleccións das bibliotecas públicas de Lugo e Ourense que as complementan nos casos de que as persoas usuarias demanden exemplares que non estean dispoñibles na furgoteca.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DE 2.000 PROFESORES E 300 CENTROS INTERCAMBIAN BOAS PRÁCTICAS CON 14 COMUNIDADES E PAÍSES ESTRANXEIROS GRAZAS Á XUNTA

- A Consellería de Educación impulsa desde case hai dez cursos un modelo baseado na observación do traballo que se fai na aula entre centros de dentro e de fóra de Galicia
- Trátase dunha das vías de formación mellor valoradas polos docentes para coñecer outras realidades educativas que poden aplicar despois nos seus colexios e institutos

Tras preto dunha década de funcionamento, o programa Observa\_Acción, de formación e intercambio de boas prácticas educativas, consolídase con máis de 2.000 profesores e 307 centros participantes. Esta iniciativa impulsada pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades fomenta a aprendizaxe conxunta entre o profesorado a través do intercambio de experiencias e a observación entre iguais.

O programa, que se enmarca nas accións de formación do profesorado do Goberno galego, implantouse por primeira vez, con carácter experimental, no curso 2016/17, con seis centros e 30 profesores. Instaurábase así unha nova vía de innovación educativa con intercambios entre docentes de distintos centros co fin de facilitar que observasen de forma directa metodoloxías, enfoques didácticos nos procesos de ensino-aprendizaxe, formas de relación e comunicación ou vías de xestión dos recursos propios e alleos que se desenvolven en colexios e institutos diferentes ao seu, fomentando a aplicación do aprendido despois nas súas aulas.

A Consellería de Educación deu conta ao Consello da Xunta da evolución do programa, que foi medrando de xeito exponencial ata acadar os 142 centros e 1.276 profesores participantes no actual curso 2023/24, cifra que se eleva a 307 centros e 2.031 docentes se se ten en conta todo o período de funcionamento dende o ano 2016.

Este modelo de formación baseado na observación tanto a nivel interno dos propios centros como en colaboración con outros de dentro e de fóra da Comunidade galega é unha das ferramentas formativas máis valoradas polo profesorado, que a consideran unha oportunidade valiosa para aprender novas estratexias de ensinanza, novos enfoques pedagóxicos e xestión da aula.

#### **Internacionalización e estrutura do programa**

Ademais, favorece a internacionalización na medida en que se abren as portas a proxectos transfronteirizos, tecendo redes de intercambio tanto entre docentes como entre equipos directivos de centros con proxectos comúns que propician o apoio mutuo e permanente.

#### **Estrutura do programa**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa estrutúrase en tres tipos de actuacións: o intercambio de boas prácticas profesionais, onde tanto os docentes como os centros intercambian información sobre as súas boas prácticas metodolóxicas ou organizativas; a formación entre compañeiros, onde os profesores que visitan e observan forman os compañeiros dos centros visitados, e observación baseada no *Job Shadowing* ou período de observación profesional, que proporciona o achegamento a outras metodoloxías a través da observación e a reflexión conxuntas.

Todo iso organízase nun itinerario ao longo de dous cursos escolares. O primeiro é a fase 1, a autonómica, de carácter obrigatorio para todos os centros participantes. Esta fase divídese á súa vez na etapa *Comparte*, de observación entre docentes do mesmo centro educativo, e a etapa *Acolle*, de observación entre centros da nosa comunidade.

No segundo curso desenvólvese a fase 2, interautonómica e internacional e voluntaria para os centros que o elixan. Neste período ten lugar a etapa *Conecta*, de observación entre centros da nosa comunidade e de sete comunidades autónomas (Castela e León, Madrid, Extremadura, Aragón, A Ríoxa, Murcia e Cantabria) e a etapa *Internacionaliza*, de observación con centros doutros tantos países da Unión Europea (Escocia, Francia, Portugal, Italia, Finlandia, Estonia e Lituania) a través do intercambio de experiencias e a observación con 14 comunidades autónomas e países estranxeiros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCORPORARÁ A VACINA VÍA INTRANASAL PARA OS CATIVOS DE DOUS A CINCO ANOS NA VINDEIRA CAMPAÑA ANTIGRIPAL

- Rueda resalta que se van destinar máis de 550.000 € a adquirir 30.000 doses
- Salienta que entre as “vantaxes” desta vacina é que non implica pinchazo xa que é un aerosol nasal
- Entre os seus beneficios está aumentar a protección fronte á gripe xa que neutraliza o virus na porta de entrada, a mucosa nasal, e, por outro lado, diminuír a incidencia de infeccións por estreptococo A
- Asegura que o obxectivo é lograr que “máis do 60%” dos rapaces desta franxa de idade estean protexidos fronte a gripe

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia vai incorporar “a vacina intranasal para os cativos de 2 a 5 anos” na vindeira campaña de vacinación contra a gripe. “Vanse destinar máis de 550.000 euros a adquirir 30.000 doses”, indicou tras a reunión semanal do Consello.

Rueda resaltou que Galicia “é un referente en vacinación, especialmente na infantil” xa que foi a primeira a nivel mundial en incorporar certas vacinas ao calendario. Nesta liña, asegurou que a Xunta segue a ampliar a prevención de enfermidades coa incorporación desta nova vacina para os rapaces de 24 a 59 meses.

Esta vacina é un aerosol nasal que presenta vantaxes sobre a vacina convencional entre as que cómpre remarcar unha técnica de administración menos invasiva, “xa que substitúe os pinchazos”. Así se recolle, segundo trasladou o presidente, nun informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade referido á contratación da subministración sucesiva desta vacina.

O departamento sanitario galego agarda que a efectividade e o impacto en saúde pública sexa maior, posto que, ao ser unha vacina atenuada, activa o sistema inmunitario a nivel local. Así, aumenta a neutralización do virus na porta de entrada, na mucosa nasal.

Ademais, recentes estudos demostraron a diminución da incidencia de infeccións por estreptococo A en cativos que recibiron a vacina intranasal fronte á gripe.

O obxectivo, tal e como salientou Rueda, é “acadar coberturas de vacinación por riba do 60%” nos nenos e nenas deses tramos de idade, o que se estima en máis de 27.000 persoas. Na última campaña de 2023-2024, Galicia acadou un 50 % de cobertura na franxa de 24 a 59 meses.

Por tanto, a adquisición desta vacina por parte da Xunta responde ao obxectivo de mellorar a protección da poboación infantil fronte á gripe, así como a adherencia e as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coberturas nas idades comprendidas entre os 24 e 59 meses, que son os tramos onde descenden os datos de vacinación. En cambio, a cobertura en bebés de 6 meses a un ano chega ao 83 %.

Cómpre remarcar que Galicia foi pioneira en anunciar a vacinación antigripal en nenos de 6 a 59 meses na campaña 2022-2023, conseguindo a cobertura máis alta entre as comunidades que a introduciron no calendario. A vacina dispoñible para este grupo de idade nestas dúas temporadas 22/23 e 23/24 foi a tretravalente de administración intramuscular mediante inxección.